

REAL ACADEMIA
GALEGA



Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega

Discurso lido o día 22 de xaneiro
de 1976, no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Ramón Martínez López

E **resposta** do excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo

85 F.17865

Contribucións
norteamericás
á historia da
cultura medieval
galega

REAL ACADEMIA
GALOGA



Folleto 2
4320-01-2000



Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega

En resposta do excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo



R 34007

RAG 02/04/01

O solemne acto académico no que foron lidos os dous discursos recolleitos no presente volume celebrouse o 22 de xaneiro de 1976 no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela.

Tanto no discurso de ingreso de Ramón Martínez López como na contestación de Isidoro Millán González-Pardo respectáronse as grafías e puntuacións orixinais.

ISBN: 978-84-87987-68-7

Depósito Legal: VG-277-2007

© Real Academia Galega, 2007

Coordinación da edición e produción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L.

REAL ACADEMIA
GALEGA



Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega

Discurso lido o día 22 de xaneiro
de 1976, no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Ramón Martínez López

E **resposta** do excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo



REAL ACADEMIA GALEGA

Contribución
norteamericanas a la
cultura
medieval galega

Discurso lido o día 22 de xaneiro
de 1978, no acto da súa recepción,
 polo ilustrísimo señor don
Ramón Martínez López

E resposta do excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo


Cando un día este mozo de Ramón Martínez López, sabendo que pagou a maior parte de má vida tan loceiro da terra, nota, sendo máis súa verbas como non dirías, o grande amor e cariño que ten pola terra e pola súa cultura, e mesmo parece que lles está contando, por este congreso da Academia, que vive o seu longo exilio, máis que de cultura galega, como se estivese aquí. As veces os paratensos nacen no máis dunha forma espontánea, uns tan fortes e ben grelos e outros tan puros e bonzuros... Así é a vida, as veces os tesouros máis prezados fórmolos na vida pero bencheiros fóra e outros beiran desde fóra para que confiamos a da vida.

Don Ramón é home e home máis universal que narea máis Cárceles, non só pola súa calidade como lingüista e xurista, senón tamén pola súa categoría como poeta, xa que non foi só un home que falou da universalidade da cultura galega, pero que fixo da súa vida un paradigma de home traballador, comprometido, "home de palabra", coñecido e apreciado máis polo seu carácter que polo seu talento.

Presentación de Xosé Deira Triñanes Alcalde de Boiro

Recoñecí que a natureza do mundo e do futuro das gentes de pasado, pero tamén a condición da vida nos mundos futuros. Este pasado non é só unha longa realidade que existiu, senón que representa a nosa realidade e a nosa positividade de futuro.

Cando analiza a realidade da nosa cultura no contexto medieval, don Ramón non quere dar só a súa opinión de xénero narrado de seu, senón que accede ás investigacións de persoas afezas, como as americanas, para confirmar ou mellorar que están feitas nos os coñecidos de nós, senón que a nosa arquitectura, escultura, cultura e lingüe son a expresión oraxinal dos pobos que en longo da historia trouxo a súa propia forma de ser e de vivir.



Presentación de
Xosé Dora Trillanes
Alcalde de Boiro

Continúa co cenario do seu nacemento, o vindeiro 4 de abril, Ramón Martínez López será declarado fillo predilecto de Boiro. Fundador do Museo do Pobo Galego, un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, primeiro presidente, despois do exilio, da Fundación Castelao, galego de prestixio internacional polo seu traballo como lingüista e xurista, posuídour dun dos maiores galegos que pode recibir unha persoa neste país, o premio da Fundación Guzmán el Bueno, foi sobranceiro a don Ramón por recibir este recoñecemento da súa vila natal, de que foi un excelente embaixador.

Cando un le este discurso de Ramón Martínez López, sabendo que pasou a maior parte da súa vida tan lonxe da terra, nota, tanto nas súas verbas como nos temas, o grande amor e cariño que tivo pola terra e pola súa cultura, e mesmo parece que lles está contando, aos seus compañeiros da Academia, que viviu o seu longo exilio, namorado da cultura galega, coma se estivese aquí. Ás veces os paradoxos nacen no maxín dunha forma espontánea, uns tan lonxe e tan preto e outros tan preto e tan lonxe... Así é a vida, ás veces os tesouros máis prezados témolos na casa pero buscámoslos fóra e outros berran dende fóra para que coidemos o da casa.

Don Ramón é hoxe o home máis universal que naceu neste Concello, non só pola súa calidade como lingüista e xurista, senón tamén pola súa categoría como persoa, xa que non foi só un teórico que falou da universalidade da cultura galega, senón que fixo da súa vida un paradigma de home traballador, comprometido, "home de palabra", ocupado e preocupado polo seu e polos seus e, en definitiva, un galego universal e un "boirense de lei".

Recoñece que a universalidade da nosa cultura non é só un proxecto de futuro dun grupo de persoas, senón que, como unha célula, este futuro vén condicionado pola nosa urdidura histórica na que xurdimos como pobo. Este pasado non é só unha carga xenética que arrastramos, senón que representa a nosa grandeza e a nosa posibilidade de futuro.

Cando analiza a especificidade da nosa cultura no contexto medieval, don Ramón non quere dar só a súa opinión de galego namorado do seu, senón que acode ás investigacións de persoas alleas, neste caso americanas, para confirmar ou verificar que nestes lares non se copiou doutros, senón que a nosa arquitectura, escultura, cultura e lingua son a expresión orixinal dun pobo que ao longo da historia creou a súa propia forma de ser e de vivir.

Coincidindo co centenario do seu nacemento, o vindeiro 4 de abril, Ramón Martínez López será declarado fillo predilecto de Boiro. Fundador do Museo do Pobo Galego; un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos; primeiro presidente, despois do exilio, da Fundación Castelao; galego de prestixio internacional polo seu traballo como lingüista e xurista, posuidor dun dos maiores galardóns que pode recibir unha persoa nestas disciplinas, o Premio da Fundación Guggenheim. Méritos sóbrante a don Ramón para recibir este recoñecemento da súa vila natal, da que foi un excelente embaixador.

A Real Academia Galega vén así oficialmente constituída pola reunión do congreso do Instituto de Investigacións Lingüísticas de Ramón Martíño López na Universidade de Santiago de Compostela.

Desde aquel momento até ao ano de 1937, debe do seu desenvolvemento a morte do profesor Martínez López, ocorrida en setembro de 1939 en Pontevedra, ocorreron moitas outras afeccións que marcaron o rumbo da Academia: en dos grandes momentos do noso século foi que serviu protagonista a vítima tamén de moitos deles, a propia Universidade sobre a que se impoñeu unha realidade que se iniciaba en Galicia. Entre eles particularmente o triunfo de infección ten moito que ver coa súa formación inicial como "socio fundador" de Santiago de Estudos Galegos. A confirmación dos estudos de creación "Nós" e outros experimentais é espantoso de poder haberse pensado para sempre o destino do profesor Martínez López.

O seu espírito e interese sempre sempre como profesor e investigador abo a ardeur das súas ideas de realidade e a súa propia sintonía coa realidade e a redención de nós mesmos.

Presentación de

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Presidente da Real Academia Galega

Na capital portuguesa foi tamén profesor de Gramática de Letras e Secretario Xeral da Exposición do Libro Español (1935). A súa obra inclúe moitos artigos e moitos de outros, moitos dos que se publicaron en Galicia e no exterior, despois de pasar pola emigración dos campos de concentración en Francia. Exercerá a partir deste momento como investigador do Instituto de Filología da Universidade de Buenos Aires (1939-1940), profesor de Lingua e Literatura Española e Portuguesa na Universidade de Texas (1940-1971), ademais de publicar volúmenes nas universidades de Wisconsin, Nova Médica, Porto Rico, Denver e Middlebury.

A Real Academia Galega séntese dobremente compracida pola iniciativa do concello de Boiro de homenaxear ao seu fillo ilustre don Ramón Martínez López no centenario do seu nacemento.

Dende aquel xa afastado 4 de abril de 1907, data do seu nacemento, ata a morte do profesor Martínez López, acaecida en setembro de 1989 en Pontevedra, ocorreron moitos acontecementos que marcaron o rumbo da humanidade. Un dos grandes méritos do noso académico foi que sendo protagonista, e vítima tamén, de moitos deles, sempre proxectou sobre o mundo unha mirada e unha reflexión que se iniciaba en Galicia. Este seu particular ángulo de inflexión ten moito que ver coa súa formación iniciática como membro fundador do Seminario de Estudos Galegos. A convivencia cos homes da xeración Nós, o clima experimental e esperanzado daqueles homes marcará para sempre o destino do profesor Martínez López.

O seu amplo e internacional periplo como profesor e investigador non o arredou das súas arelas da mocidade que sempre soñaron coa dignificación e redención da súa terra. Despois de licenciarse en Dereito (1927) e Filosofía e Letras (1929) pola Universidade de Santiago de Compostela, e acadar o doutoramento pola de Madrid en 1936, exercerá como catedrático de Lingua e Literatura Española no Instituto de Lugo (1930-1933) e no Instituto Español de Lisboa (1933-1936). Na capital portuguesa foi tamén profesor da Facultade de Letras e Secretario Xeral da Exposición do Libro Español (1935). A guerra civil tronza a súa carreira e marcha ao exilio, onde vai exercer distintas funcións e cometidos, despois de pasar pola humillación dos campos de concentración en Francia. Exercerá a partir deste momento como investigador do Instituto de Filoloxía da Universidade de Buenos Aires (1939-1940), profesor de Lingua e Literatura Española e Portuguesa na Universidade de Texas (1940-1971), ademais de profesor visitante nas universidades de Wisconsin, Novo México, Porto Rico, Denver e Middlebury.

Na súa bibliografía, iniciada xa nas páxinas da revista *Nós*, sempre tivo presenza Galicia, xa fose a través dos cancioneros e da prosa medieval ou do mesmo Valle-Inclán, mito libertario e artístico dos escritores do exilio.

O mesmo discurso que hoxe publicamos non deixa de ser un atento recoñecemento a todos aqueles traballos que ampliaron os horizontes da nosa cultura medieval no mundo académico anglosaxón.

Cando o profesor Martínez López tomou posesión como numerario da Real Academia Galega o 22 de xaneiro de 1976 no Salón Artesoadado de Fonseca, co discurso que hoxe se publica, a Real Academia Galega, como toda a sociedade galega, estaba a vivir momentos de indecisións, e non foi doado publicar este traballo que hoxe se ofrece. E preséntase co mesmo formato no que a institución vén presentando os discursos de toma de posesión dos seus numerarios, que inclúen as respostas correspondentes dos académicos designados para dar a benvinda ao recipiendario.

Deste xeito sinxelo, a Real Academia Galega, que xa era coñecedora dos seus moitos méritos en 1976 cando o recibe como numerario, ten a grata oportunidade de recoñecer a súa fidelidade ao país.

Discurso do Ilustrísimo señor don
Ramón Martínez López

No s'ha de perdre de vista el fet que el nostre país ha estat sempre una part
del Gaietà, i això és una de les característiques principals de la nostra
Valle d'Aosta, i això és el que ha permès el desenvolupament del país.

El nostre discurs que heu publicat en la vostra revista "L'Unità" és un
discurs que heu publicat en la vostra revista "L'Unità" i que heu publicat en la
vostre revista "L'Unità" i que heu publicat en la vostra revista "L'Unità".

Caro professor López, heu llegit el discurs que heu publicat en la vostra
revista "L'Unità" i que heu publicat en la vostra revista "L'Unità" i que heu
publicat en la vostra revista "L'Unità" i que heu publicat en la vostra revista
"L'Unità" i que heu publicat en la vostra revista "L'Unità" i que heu publicat
en la vostra revista "L'Unità" i que heu publicat en la vostra revista "L'Unità".

Discurs de Ramon Martínez López a l'acte de presentació del seu llibre
"El Gaietà i la Vall d'Aosta", publicat en la revista "L'Unità" el 1984.

Discurs do Ilustísimo señor don Ramón Martínez López

Ben sei que as fórmulas de agradecimento ou de homildade son tan acostumadas como sospeitosas de ser, no fondo, xestos cortesés e non expresións sinceras. Non embargante espero, no meu caso, acadar simples razóns pra vos convencer dos auténticos sentimentos do meu recoñecimento. O honor que me facedes é moi superior aos méritos que podo presentar. Méritos que son mínimos, sen que poda desculpame un longo afastamento físico de Galicia. Veredes axiña como homes arredados de nós por tradición cultural, histórica e hastra lingüística, homes que van a ser os protagonistas do meu discurso de ingreso, presentan, a pesar delo, craros e valiosos títulos cara a cultura da nosa Terra. Só me cabe un recurso, moi empregado nos milagres medieváis, onde unha pequena virtude, unha adicación constante, por sinxela que fora, sobranceaba por riba da vida pecadora hastra acadar a salvación da ialma. Dende os meus anos mozos, eiquí, no meu Santiago do *Seminario de Estudos Galegos*, deica hoxe en que me recibides como ún de vos, ten habido sempre acesa, sen que os ventos da vida a estinguiran, unha luz que alumeaba o meu sentimento galego. Ollando atrás xurde ante mín neste intre unha longa ringleira de figuras queridas que compartiron conmigo meio século de inquedanzas. Algunhas delas pertencen xa pola sua morte á inmortalidade dos heróis. Outros teñen deixado ca sua obra un fito esgrevio na historia de Galicia. Poucos, un fato deles, irmáns daqueles tempos, seguen no sulco da sementeira para honra da Terra. SEÑORES ACADÉMICOS: privado doutras razóns, que éles todos me sirvan de xenerosos valedores diante de vos!!

Pra salientar máis as devanditas verbas, veleiqué que o sitio valdeiro que veño a ocupar correspondéu hastra fai catro anos á patriarcal figura de don Xulio Dávila Díaz, a quen a morte impedíu por pouco máis dun mes conquistar cen anos de vida. Unha vida chea de entusiasmo pola Academia e pola sua nativa vila de Santa Marta de Ortigueira, onde non resultaba doado suceder, como el sucedéu ca maior digni-

dade e afervorado interés, ao seu devanceiro e sabio arqueólogo don Federico Maciñeira no seu rol de cronista da nobre vila. Xornalista en América i en Galicia, sempre ao servicio de causas barís como a do desenrolo desta Academia, o seu amor pola Terra levóuno a escoller a sua bisbarra como obxeto dos seu estudos, seguindo a outa tradición de Maciñeira e ao mesmo tempo o único xeito lóxico de integrar o coñecimento de Galicia por vía dos seus elementos xeográficos-humáns naturais. Ao tempo que a miña responsabilidade se fai máis evidente, teño a grande honra de camiñar por tan escrarecido vieiro.

Teño na miña biblioteca ún deses libros do XVIII verdadeiro acugulo de desvairadas apoloxías de todo o español —nobres orixens, riquezas mineiras, número e calidade de santos, antiguidade e prestixio do idioma, frutos, etc., etc.—. Todolos países contan con estes gratuítos desafoxos. Na marxen dunha folla deste libro unha man escribiu o seguinte austero e repousado comentario: *Hanlo de decir los demás*. Pensando nesto, moitas vegadas téñome parado a matinar nunha concisa expresión contida na decraración de principios do programa galeguista de fai perto de meio século que comenza así: *Galicia célula de universalidade*. No corpo desa decraración dise: "O recoñecimento da persoalidade de Galicia e as arelas de anovar a sua autóctona cultura... serían angueiras estériles e egoístas se non estivesen inspiradas polo degoiro de armonizar na cultura universal o rexurdimento da nosa cultura..." A dicotomía *cultura propia* e *cultura universal* e a sua arelada armonía, esixise un mínimun de adaptabilidade, que dependerá da función que na historia de Europa —referíndonos á Edá Media— teña representado aquela cultura propia. Porque as culturas sempre son consecuencias de encadramentos históricos e sería imposible falar delas esquecendo a correlación, sempre demostrabel, que gardan coa historia a que pertencen. A pragmática decraración política da arela dunha *Galicia célula de universalidade* xurdía en certo xeito resolta nas características da nosa historia e da nosa cultura. As peculiaridades do monacato galego, os nosos cancioneiros, a gloria do románico, o esplendor cultural que espalla o fenómeno xacobeo, son craras mostras, por riba da sua esgrevia singularidade, da universal transcendencia no seu tempo. Cando Kingsley Porter di: "Polo camiño de Santiago, Bédier ten atopado a chave que despecha a literatura medieval. Os escépticos poden dudar sobre si o corpo enterrado en Compostela é o de Santiago; mais o que é certo é que alí está enterrado o misterio do século XII", ou cando Bishko establece definitivamente a prioridade galega, na península, do monasticismo pactual e a sua proiección na repoboación de Castela, estamos confrontando feitos que atinxen esencialmente á historia europea. Os nosos cancioneiros medievais son unha crara mostra da confluencia cultural das máis requintadas esencias líricas do seu

tempo, un admirable sincretismo como o grande mestre portugués Rodrigues Lapa predica para a civilización trovadoresca en xeral.

Hanlo de decir los demás! Veleiqué que esta discreta corrección ás runfadelas patrioteiras poidera servir de ponto de partida para un importante libro, aínda por facer, en col da atención que á nosa terra e á nosa cultura lle ten sido outorgada pola máis seria crítica de algúns dos países que están na cume da civilización contemporánea. Permitídemme pois, Señores Académicos, que vos apresente como discurso de ingreso nesta Academia unhas breves consideracións en col das “Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega”.

Non temos escolleito á toa como primeiro campo das nosas observacións a historia do arte medieval galego. As teorías máis novas de historiografía das artes, —as de Hauser por exemplo aplicadas á arquitectura— establecen paralelos antre as obras de arte e a vida socio-política en que se produciron. Interéсанos moito salientar esto polas razóns que acabamos de apuntar en col das características da cultura galega da Edá Media. Na primeira metade deste século, a que poidéramos chamar escola de arqueólogos, arquitectos ou historiadores do arte americáns presenta craras tendencias de síntesis de raigame ben afincada nas mellores doutrinas europeas que para a súa expresión tiñan —como alguén dixo— “o alemán como lingoa nativa”. Da memorable *Historia do arte da antiguidade* de Winckelmann, aquel descubridor de novos continentes, do *Laokonte* de Lessing, que André Cide pedía lér polo menos unha vegada cada ano, de Burckhardt e da súa famosa *Civilización do Renacemento Italiano*, procedían os Wolfflin, Warburg e Goldschmidt en terras xermánicas, mentras que na Francia a laboura restauradora de Viollet-le-Duc e o seu soado *Diccionario da arquitectura francesa* cobría esgreviamente cáseque todo o século XIX. Nesta ilustre tradición avencéllase o traballo dos arquitectos e críticos de arte americáns dende comenzos deste século, dando primeiro á historia do arte unha plena autonomía e superando a partir da primeira guerra mundial as labours neste campo na Alemaña i en Europa en xeral.

En 1904 nunha edición privada e limitadísima, Henry Adams, bisneto e neto do segundo e sexto presidentes dos EE. UU., estudante en Harvard e residente por moitos anos en Europa —con estudos universitarios na Alemaña—, distribúe antre un selecto número de amigos un libro importante para a historia da cultura medieval de Occidente: *Mont-Saint-Michel and Chartres*, obra resposta a un longo proceso de desilusión producida pola que o autor consideraba tiránica civilización industrial da época. Para fuxir dela o Adams intenta descubrir outra na que o home teña vivido a vida que él mesmo arelaba. Xa en 1870 de volta de sete anos en Londres acompañando ao seu pai, embaixador, como segredario, Henry Adams acepta sen gran entusiasmo unha cátedra de historia en Harvard. Os anos que seguen son de cons-

tante percura e por fin de encontro afervoadado dunha época onde no mesmo intre fúndense con extraordinaria penetración a teoloxía e a filosofía, o misticismo relixioso e a política, a socioloxía, a literatura e o arte, a que vai de 1050 a 1250, a grande época da civilización cristiá. O resultado é a obra devandita que en 1913 tivo a súa primeira edición pública e que leva como significativo subtítulo: *Un estudo da unidade do século XIII*. Esta unidade encóntraa representada tanto pola catedral de Amiens como pola *Suma* de Stº Tomás. Escolléu o século XIII, di o Adams, "como un intre en que o home tivo a máis outa idea de sí mesmo, como unha unidade nun universo unificado". Os 16 capítulos da obra ocúpanse da arquitectura normanda e do gótico, da escultura e das artes do vidro, da *Chanson de Roland* e das cortes de amor, das doutrinas escolásticas e do misticismo relixioso que encontróu o seu máis outo símbolo na Virxen María, apoteosis do ideal femenino. Adams morreu en 1918 e nós sabemos agora que o meio século seguinte doulle negativamente a razón. Os camiños que levaban á unidade arelada eran para él múltiples. A liturxia ca súa carga simbólica, a arquitectura feita espírito da época, a escultura, por veces teatro en pedra. Con moderna sensibilidade ademira Adams, no vitral da capela central de Chartres, a lexendaria vida de Santiago máis gostosa aos ollos da Virxen e das donas da corte francesa, a que rexistra o Calixtino, a dos magos Hermóxenes e Fileto cos seus intentos desvaírados e a súa desfeita e conversión final. O vitral, oferta do gremio dos xastres de Chartres, cuio traballo amósase inxenuamente na parte inferior da xanela, semella un conto máxico expresado con vivacidade de *fabliau*, un homenaxe á princesa Blanca de Castela, cuio vitral gricento luce as súas armas a seu carón. "Como sobriño de Santiago —di Adams— era moi querido da Virxen, mais como amigo da España era máis querido aínda da princesa Blanca e non é accidental o feitío español das tres xanelas". Mais deixémolo —como estivo moitas seráns— diante da catedral de Chartres lendo os volumes abertos de cores dos vitrais das súas xanelas, abstraído no tempo e entreouvindo as conversas dos arquitectos e cregos que construíron este relicario mariano. E a xeito de *excursus* lembremos o seu contacto seguro en Londres co grande arquitecto inglés George Edmond Street, cuio libro *Some Accounts of Gothic Architecture in Spain*, aparecido no ano 1865, é para nós un fito memorable. Por primeira vez descóbrense aos ollos de Europa a magnificencia ignorada do noso Pórtico da Gloria, e por primeira vez tamén salientase a asombrosa semellanza do Salvador e do Apostol no Pórtico, semellanza da que máis tarde se van tirar tantas polémicas interpretacións. Un ano dempóis da publicación do libro, Bruciano leva a cabo o vaciado do Pórtico que Henry Adams veu instalado no South Kensington Museum. Pola súa admiración a este gran arquitecto inglés chegamos á figura senlleira de Georgiana Goddard King.

Por veces a terra ten que ver algo cos que en ela nacen. Na Virxinia verde e ricaz onde naceron sete presidentes americáns —antre eles Washington e Wilson—, na Virxinia do belo palacete neoclásico de Monticello e da Universidade en Charlottesville, deseñados ambos por outro presidente virxiniano, o Jefferson, naceu o 5 de agosto de 1871 unha extraordinaria muller, Georgiana Goddard King, sen dúbida algunha a primeira gran figura americá no campo da historia do arte hispánico e sobre todo ca ligada aos monumentos románicos do camiño de Santiago. Antes dela a figura esgrevia do Henry Adams. Dempóis dela e sempre co seu exemplo i estímulo presentes, virán os Porter, Connant, Whitehill, Post, Cook..., mais a complexa formación e natureza da profesora King foi a que transmitiu de xeito definitivo o característico humanismo da escola de investigadores que nos ocupa.

Miss King estudou nun distinto centro universitario: Bryn Mawr College en Pennsylvania. Alí recibeu o seu grado de mestría en 1897 e alí tamén comenzo no curso 1912-1913 a sua docencia como lectora de Historia do Arte e —notémolo significativamente— Literatura Comparada. A partir desta data e con constantes viaxes i estancias prolongadas en Europa, e máis concretamente na España, chegou a estar moitos anos ao fronte do Departamento de Historia do Arte deica a data do seu retiro en 1937. Dous anos máis tarde morría en California. A sua obra e persoalidade forman parte xa lexendaria do Academus americán do primeiro tercio deste século. Temos que cinguirnos somente á sua laboura como historiadora do arte pola aportación fundamental que fixo á cultura e persoalidade galegas na Edá Media. Mais resulta difícil esquecer certas épocas da sua vida en que alterna os seus estudos de arte na España co estreito contacto en París ca grande escritora Gertrudis Stein, que dende os noventa até a sua morte viviu nos círculos artísticos de París protexendo a Picasso, Matisse e Picabia, antes da invención do cubismo, ilustrando seus libros con viñetas de Cézanne, Apollinaire, Max Jacob e Joan Gris. Na sua autobiografía fala dun dos moitos encontros con miss King en Madride onde esta última preparaba a reedición do libro de Street ao que nos temos referido. Esta relación fai xurdir o interés da profesora de Bryn Mawr polo arte cubista, o que xa apunta a catolicidade das suas preocupacións: Literatura Comparada, Artes románico e de vangarda, teatro de Xil Vicente, Ordes Militares na España... Mais a sua obra mestre, producto de seis anos de traballo na Francia i en España, foi como é sabido o "Camiño de Santiago", *The Way of St. James*, publicada en tres tomos pola Hispanic Society en 1920. Eiqué cristalizan as múltiples labouras en que, guiada por Lampérez, Gómez Moreno e —como en tantas outras vegadas— por don Xesús Carro, dase unha síntesis de crítica do arte, apreciación literaria, aventura e observacións agudas de viaxeira incansable. E todo nun personalísimo estilo, culto e compacto, mais tamén poéticamente tecido e ambientado por meio de intencio-

nais arcaísmos. Por anos percorrreu todas as vías do gran camiño, contando a historia das vilas, as súas lendas e as súas obras de arte, e todo co decoro literario que lle prestaba o seu diario contacto cos mellores escritores ingleses e americanos e ca erudición asombrosa que o positivismo histórico da época lle brindaba. As *Chansons de Geste* ou o *Poema do Cid*, o folklore galego ou irlandés, as influencias sirias ou bizantinas na arquitectura cristiá-medieval, a gran transición da cultura clásica á medieval —tema central do seu tempo en que tanto se distinguíu o seu mestre americano Taylor—, todo concorre a outro esgrevio exemplo deste humanismo integral que vimos observando como unha constante —cecais sorprendente para algúns— dos investigadores americanos adicados a aprofundar na nosa cultura medieval. A relixiosidade de Street e o misticismo de Henry Adams están agora substituídos no caso de Georgiana King pola tendencia comparatista nos terreos relixiosos e antropolóxicos que florecen no derradeiro decenio do século pasado e comezos do presente. A *Rama Dourada* de Frazer publícase en 1890. Son os tempos en que as historias xerais das artes plásticas e das literaturas son concebidas como historias da civilización, ou en termos da terminoloxía de entón da “evolución da mente humá”. Trunfa naqueles anos a *Allgemein Bildung*. Mais no caso de miss King, por riba destas correntes cáseque xeneracionais, está moitas veces a súa independente personalidade. A visión de Thurkill escrita por Coggeshall non pasa dun sono de peregrino inscrito na literatura escatolóxica medieval, mais antes miss King e o seu intelixente análise transfórmanse nunha hipotética descripción, tirada da tradición oral, dos templos do camiño xacobeo e sobre todo da nosa catedral. A súa extensísima bibliografía agarda por algún estudoso galego que a comente e valore, agarda que publique por exemplo o seu manuscrito inédito en col do románico portugués a que se adicou nos seus derradeiros anos, hoxe na biblioteca do Bryn Mawr College. E sería bon que esta Academia, que en 1926 premiouna aceptándoa no seu seio como correspondente, levara a cabo esta tarefa xunto con algún centro de estudos irmán portugués.

Dempóis dela, estimulados polo seu entusiasmo, ideas e método, xurden as tres figuras grandes precursoras da actual valoración do románico compostelán: Arthur Kingsley Porter, Kenneth John Connant e Walter Muir Whitehill. Porter nacéu en Stanford, Connecticut, en 1883 e naturalmente foi un *Yale man*. Nunha viaxe a Francia, diante da catedral de Coutances olla —son as súas verbas— “brillar unha luz ao seu redor”. Abandoa os plans de estudos xurídicos i encontra o seu Damasco na Escola de Arquitectura da Columbia University de Nova Iork, onde remata os seus estudos e dous anos máis tarde, aos 25 anos, publica en 1909 o seu primeiro libro: *Arquitectura Medieval. Os seus orixens e desenvolvemento*, en dous volumes de preto de 500 páxinas cada ún, acompañados de preto de 300 ilustracións. Os cinco

anos seguintes alterna a súa docencia en Yale con investigacións en col do románico en Lombardía, o resultado do cal serán doce monografías e a obra en 4 volumes de 1.700 páxinas *Architettura lombarda*, enriquecida por un milleiro de ilustracións, aparecida en 1915. Antes de seguir adiante anotemos que así como o primeiro libro estaba adicado a Borgoña e Normandía, este segundo, continuando á percura das orixens do románico, diríxese á Italia do norte e máis tarde a Bari, no sul do Adriático. Son pois problemas de prioridade cronolóxica os que preocupan a Porter. Xa veremos onde o leva esta pesquisa.

Os anos 1917 e 1918 invitado polo Goberno francés incorpórase —como único extranxeiro— aos *Service des Oeuvres d'Art dans la Zone des Armées*. En 1920 a Universidade de Harvard noméao profesor de Belas Artes e dempois de moitos viaxes a España, sobor de todo a Galicia, acompañado daquel gran don Xesús, publica a súa magna obra en 1923. Esta obra tan esencial para a nosa cultura vai siñificar unha definitiva renovación dos estudos do románico en Europa. O seu título: *A Escultura Románica do Camiño das Peregrinacións*, é por demais siñificativo, aínda que hoxe o demos por xustifico e até lugar común. A obra ten un volume de texto e nove contendo 1.500 ilustracións. De 1924 a 1931 na súa riquísima bibliografía volta moitas veces aos seus estudos en col do románico compostelán. En 1931, continuando estudos en col das grandes cruces da Irlanda comenzados dous anos antes, publica o seu derradeiro libro: *As Cruces e a Cultura de Irlanda*. Segue con él, teimoso, o problema da aparición do románico en Europa denantes das datas e monumentos aceptados pola crítica oficial. Vivía por entón no condado de Donegal, perto de Londonderry, na costa norte atlántica de Irlanda, onde tiña adequirido o castelo de Glenveagh. Gran amante da pesca, alugara na pequena illa de Inish Boffin a súa casota mariñeira. Un día do mes de Santiago de 1932 morréu afogado.

Resumir a importancia de Porter na historia do arte galego e peninsular enche-ría máis dun discurso como iste. A súa tesis, naquela altura, foi tan ousada como intelixente. Porque en 1923 asentar os dous principios das características propias do románico do camiño de Santiago e o da prioridade, en moitos aspectos, respecto ao románico francés, supuña unha radical revolución contra a tradicional teoría francesa i europea. A idea dun arte afecto á peregrinación xacobeá tíñalle sido suxerida, oito anos antes de dar ao prelo a súa obra, por unha comunicación de miss King sobre a *Escultura francesa de figura nalgunhas igrexas primitivas españolas*. O que Bédier tiña asentado en 1908 a respeito dun xénero literario a escola americá de Georgiana King e Porter ían facer agora para o arte románico. A resposta brillante á obra de Mâle *L'Art du Moyen Âge et les pèlerinages*, douna Porter en 1924 nunha reveladora monografía intitulada *España ou Tolosa e outros proble-*

mas. Cos problemas cronolóxicos rigurosamente revisados o mesmo que os correlativos das influencias dos románicos hispánico ou galo, Porter presenta unha especie de superestructura arquitectónica i escultórica xurdida ao longo do camiño xacobeo. Facendo seu o vello dito de Bertaux: "Para a cultura románica non hai Pirineos", Porter afirma non embargante que "os talleres composteláns convertíronse por un século nun dos centros máis avanzados e productivos da creación artística de Europa. O Pórtico influe en todo o occidente até facerse presente en Bamberg na Alemaña e York na Inglaterra. E o sorriso do anxo da Anunciación de Reims é o mesmo que o do Daniel do Pórtico".

Do gran crítico e humanista alemán Erwin Panofsky son as seguintes verbas: "A obra de Kingsley Porter de 1923 foi como unha arremetida mortal que revolucionou as ideas aceptadas en col da cronoloxía e difusión da escultura do século XII no enteiro continente europeo".

Discípulos e seguidores importantes, inmediatos da obra de Porter, son os profesores Kenneth John Connant e Walter Muir Whitehill. O primeiro, nado no Wisconsin das nosas lembranzas de 1894, foi estudante de Harvard por dez anos deica o seu doutoramento en arquitectura en 1925 con unha tesis máis tarde ampliada en magnífico libro editado en 1926 polas Prensas das Universidades de Oxford e Harvard onde exercéu a docencia até 1956. Conant, hoxe retirado en Massachussetts, representa nos estudos de arqueoloxía medieval europea a exactitude técnica da restauración e pola súa laborura en Cluny durante cincuenta anos pudera chamárselle o Viollet-le-Duc do século XX.

Deica 1925 non se podía falar de trazas técnicamente reconstruídas das sucesivas plantas da nosa catedral. Os intentos de Sánchez Freire, López Ferreiro, Casanova e Lampérez foron definitivamente rectificadas naquel ano. Nove anos máis tarde, en 1934, o mestre Gómez Moreno confirma as trazas, en parte conxeturales do Conant no seu magnífico libro *El Arte Románico español*. Fai poucos meses, resumindo os seus estudos i excavacións cluniacenses, o Conant refírese ao seu período de aprendizaxe baixo a inspiración do Porter. O seu libro en col da catedral compostelá tiña sido presentado polo segredario da Academia Medieval de América ao presidente da Sociedade Francesa de Arqueoloxía e iste, á vista do traballo de Conant, autorizou as súas excavacións de Cluny.

No caso de Conant como denantes nos de Georgiana King e Porter e máis tarde no de Whitehill, don Xesús Carro, aquel extraordinario galego e sabio arqueólogo, foi mentor, axudante e colaborador eficazísimo. No seu rico arquivo xenerosamente aberto para este traballo polo seu sobriño, o profesor Xosé Carro, a quen expresamos eiquí a nosa gratitude, antre a correspondencia con Conant existe unha carta

de 1942 onde lle di a don Xesús: "dempóis de ter estudado quince anos na igrexa de Cluny, paréceme a de Santiago o máximo exemplo do arte románico...". Na mesma carta dalle conta do seu curso en col da arquitectura pre-gótica na Universidade de México e dunhas conferencias sobre "Dijon e Santiago". Acompaña-lle unha colección de dibuxos, últimos intentos de reconstrucción da catedral dende diferentes perspectivas i en diferentes épocas, que Carro reproducíu con acertadas críticas nun xornal local. A base documental utilizada por Conant, ademais da *Historia Compostelana*, é naturalmente o Códice Calixtino, cuia coidada edición xa tiña interesado o Porter dende a súa visita a Santiago en 1927 do seu acompañante e discípulo Walter Muir Whitehill. Un caso ilustrador dos largacíos intereses da escola americá de medievalistas é o de Whitehill, nado en Cambridge, Massachussets, en 1905, licenciado en Historia en Harvard e doctorado na Universidade de Londres en 1934 cunha tesis publicada en 1941, adicada ao Porter e intitulada *Arquitectura Románica española do século XI*. A relación con Porter é nobremente recoñecida no prólogo desta obra cas seguintes verbas: "A miña máis fonda dívida é co profesor Porter, xa morto, porque durante os oito anos en que o coñecín e traballei con él, tiven constante proba de xenerosidade viva, como mestre, investigador e amigo. Das súas leccións en Harvard veo o meu orixinal interés polo arte románico; máis tarde tiven o meu primeiro coñecimento da España acompañando aos Porter a Santiago, Oviedo e Ripoll". No mesmo prólogo refírese así a don Xesús Carro: "o incansable e desinteresado amigo de todos que van a Santiago, compartiu xenerosamente connigo o seu coñecimento sen par da catedral e dos seus arquivos".

De 1927 a 1934 Whitehill ocupa gran parte do seu tempo na transcripción do Calixtino, primeiro no arquivo da catedral e sempre baixo a protección de Carro. Whitehill asegúrase a colaboración do Padre Xermán Prado na transcripción musical. Sucédense as súas visitas i estancias ao castelo do Porter en Irlanda até o mesmo mes da súa morte da que dá conta precisa a don Xesús. A corrección de probas do Calixtino lévase a cabo dende América ou Londres ou Barcelona e as dúbidas paleográficas son sometidas á experiencia de don Xesús. Traballa tamén Whitehill no Beato de Silos, seguindo os traballos de Porter sobre as iluminacións dos Beatos como fontes posibles de certos temas escultóricos do arte románico das peregrinacións. No arquivo de Carro a correspondencia con Whitehill pasa das cen cartas. Don Xesús traduce ao galego o estudo do Padre Prado. A fins de 1933 Carro da noticias do achádego da porta da Vía Sacra. En febreiro de 1934 Whitehill lembra "as horas felices pasadas con Carro no Arquivo, rubindo polos tellados da catedral ou dando paseatas polas rúas". Non vou contar eiquí a triste historia, accidentada mais exemplar por veces, da impresión en 1944 do Códice Calixtino. Quen saiba lér a explicación dada por Sánchez Cantón á edición ou quen lea as desespe-

radas queixas de don Xesús cando as follas impresas foron incautadas con todos os bens do antigo Seminario de Estudos Galegos, poderá ter unha idea do que pasou. Os defectos que se poden atopar a esta edición, que teñen sido apuntados ante outros polo medievalista americano Meredith Jones, son debidos en grande parte á incomunicación durante a guerra e postguerra españolas. Aínda así velahí unha das obras máis importantes que o noso Seminario ten producido. Honra lle sexa dada ao rector Legaz Lacambra que puxo a súa autoridade do lado da civilización. Xunto con Sánchez Cantón e don Xesús Carro, Pedret Casado e Cordero Carrete, moito lle debe Galicia pola súa valente decisión.

Temos que rematar esta sección con algunhas notas breves que darán sucinta idea dos traballos posteriores aos reseñados. Mrs. Isabel Pope, dona do profesor Conant da que falaremos axiña, é a autora dunha coidada maqueta da catedral que figura hoxe no Instituto Padre Sarmiento. Para un examen da erudición en col do Pórtico da Gloria até 1957 tense que consultar a tesis doctoral de miss Marilyn J. Stokstad baixo a dirección do profesor Harold Wethey da Universidade de Michigan. Unha revisión do románico das peregrinacións partindo das ideas de Porter mais con agudo talento crítico ten sido feita polo profesor Thomas Lyman da Universidade de Emory en Georgia, moi influído polos traballos do profesor francés Gaillard. Lyman volta a estudar as igrexas de Santiago e de S. Sernin de Toulouse da controversia primeira en relación con outras igrexas francesas na órbita do arte das peregrinacións, prestando maior atención ás peculiaridades propiamente ornamentais que aos temas iconográficos. A semente porteriana, como se ve, aceptada ou discutida, continúa florecendo. E no enfrentamento de Lyman considerando o románico como un fenómeno estilístico de máis extensión que o que lle pode dar un obradoiro específico, ollándoo como un vocabulario e sintaxis formal compartido por artistas nunha gran área xeográfica como a do S. O. de Europa, sería fácil notar a raigame de humanismo e síntesis que temos atribuído á escola de historiadores e críticos americanos.

A historia de Galicia no período medieval conta con aportacións esenciais norteamericanas. Notemos primeiro ún dos centros de estudos medievais, o da Universidade Católica de América de Washington, onde baixo a dirección do profesor Ziegler téñense presentado valiosas tesis doctorais de gran interese esencial para a nosa Terra. En orde cronolóxico, a Alta Edá Media está representada polo traballo do Padre Stephen McKenna de 1938 —que abre a serie de *Studies in Medieval History*— en col do *Paganismo e supervivencias pagáns na España até a queda do Reino Visigodo*. Gran parte da tesis —dous dos cinco capítulos— está adicada ás prácticas e doutrinas priscilianistas nos séculos V e VI e supervivencias pagáns no período suevo, cun coidadoso análise do culto ás árbores, herbas, pedras e fontes tal

e como se describen no *Correctione Rusticorum*, rematado co estudo de restos de cultos pagáns en terras galegas que recolle San Valerio. Sister Nock en 1946 e Sister Aherne en 1949 fan edicións críticas da vida de San Fructuoso e da autobiografía do asceta do Bierzo.

Unha magnífica edición das obras de San Martín de Braga é a do profesor Claude W. Barlow, publicada pola Academia Americá de Roma en 1950. O Dr. Barlow é un *Yale man* e deica fai pouco dirixeu a Facultade de Linguas Clásicas na Universidade de Clark en Worcester, Massachussetts. Ademáis dunha estancia como becario por tres anos en Roma, o Dr. Barlow visitou os máis importantes arquivos e bibliotecas europeos para a colación de perto de 200 manuscritos base desta definitiva edición. A crítica internacional ten recoñecido o valor de tan espléndida obra.

Un ano máis tarde, en 1951 e no segundo volume do *Homenaxe a M. Pidal*, aparecía un importante traballo histórico en col da nosa Edá Media. O profesor Charles Bishko da Universidade de Virxinia figura á cabeza dos medievalistas americanos e a súa obra, extensa e profunda, tense orientado ao que poidéramos chamar o dinamismo que certas institucións —cartas gremiales e das ordes militares, a Mesta e os labradores, o repoboamento na reconquista— deron á historia da península. No caso concreto que nos ocupa, o seu traballo *Monacato Pactual Galego No Repoboamento De Castela* parte da coñecida monografía de Herwegen datada de 1907, de carácter cáseque exclusivamente xurídico dentro da tradición xermánica da historia institucional, e despois de coidadosa revisión da rica bibliografía posterior sobre o tema, trata de extraer novos e reveladores aspectos productos das cambiantes condicións políticas a que a reconquista da lugar. Nisto xustamente radica o valor da súa aportación aparecida en 1951 no homenaxe a Menéndez Pidal. O actualismo de orixen certo galego, xurde nos mosteiros fundados por S. Fructuoso aorredor de Braga, exténdese ao Bierzo e da lugar a unha verdadeira federación monástica, a *Santa Communis Regula* onde abades e abadesas se xuntan en sínodos regulares, presididos primeiro por San Fructuoso e máis tarde por un *episcopus sub regula*. Destas assembleas sae a regra monástica que fixa esta relación quasi-feudal baseada nun pacto escrito antre o abade-patrón e o monxe dependente. O monxe promete obediencia, mais conserva o dereito de protesta contra abusos do abade que pode facer valer diante doutros abades ou bispos. O abade pola súa parte adquire o poder de castigar i expulsar aos monxes rebeldes, recobrar os fuxitivos con axuda do poder civil, tirándoos da protección doutras autoridades eclesiásticas ou seglares. A importancia desta institución, galega de orixen, na península, agrándase cando, como Bishko demostra, pode seguirse nos séculos IX e X a súa expansión polas terras castelás reconquistadas, formando a xeito de núcleos de repoboamento e colonización. Isto explicaría o difícil pro-

blema da relativa raigame xermánica das leis, institucións, vocabulario e nomenclatura casteláns. Un orixen suevo tense dado, por exemplo, ao xermánico *gasalians*, vasalos, nome dado aos monxes dunha comunidade pactual. A xeografía do monacato pactual, igualitario, suevo-galego, iniciado no s. VII, por unha banda, e a do monárquico, de raigame cenobítica, carolinxio-benedictino, por outra, é rica en consecuencias para a constitución política dos reinos peninsulares. Os estudos de historia medieval hispánica de Bishko están a sair en traducción castelán en Barcelona. Na historia medieval posterior temos que destacar unha biografía de Xelmírez da serie da Universidade Católica de América saída en 1949. O seu autor P. bieito Anselmo Biggs danos a primeira biografía do grande prelado construída con técnicas modernas. Os análisis da *Historia Compostelana* como fonte primordial e o da súa autoría teñen sido superados hoxe polos traballos historiográficos do profesor Reilly, dos que nos ocuparemos a continuación. Bishko na súa aguda revisión crítica encontra a biografía un tanto sobria para un personaxe de tan rica vitalidade, mais o preciso retrato dunha grande figura, ca axitada primeira metade do século XII ao fondo, ten un valor decidido. As condicións políticas e sociais de Galicia, as lutas do prelado cos rebeldes burgueses, o culto a Santiago de cuio orixen auténtico dubida o bon Padre Bieito, as riquezas da igrexa e a súa particular organización, as ambicións de Xelmírez a veces apresentadas con sinceiro mais inxustificado disimulo, todo se combina con gran rigor para encadrar unha vida extraordinaria.

O profesor Bernard Reilly da Universidade de Vilanova en Pensylvania ten adicado algúns dos seus derradeiros traballos aos múltiples problemas historiográficos que presenta a *Historia Compostelana* e no máis recente de 1971, intitulado *Manuscritos da Historia Compostelana. Notas cara unha edición crítica* anuncia o método que aplicará para editar tan importante fonte histórica. Outra monografía preliminar do ano 1969 ocúpase da súa xénese e composición tendo á vista e comentando a abundante bibliografía en col do tema. Agardemos pois a prometeda edición crítica da *Compostelana*. A interacción francesa-galega e as razóns políticas para ela dende a perspectiva dos reis de Castela e estudada miudamente por Reilly na súa monografía *Santiago e Saint Denis. A presencia francesa na España do século XI*, do ano 1968.

A crítica literaria a fins do século está representada polos estudos i edicións do suízo Henry Roseman Lang, alemán de formación mais que exerce o seu profesorado na Universidade de Yale durante os vinteseis anos que van de 1896 a 1922. A súa laboura máis importante adícase á edición i estudo da poesía galega do Cancioneiro Galego-Castelán do 1350 a 1450, aparecido en 1902. Dos nosos cancioneros continúa os traballos iniciados na Alemaña en 1894 sobre a obra poética do rei don Denis co seu denso estudo en col do Cancioneiro de Axuda aparecido en

1908. A Lang debemos os primeiros e máis serios estudos sobor da impregnación occitánica non só nas cantigas de amor mais tamén nas de amigo. Tamén a ele se lle debe —como ten amosado Asensio— intentos, non sempre felices, de restauración de cantos paralelísticos.

En 1900 o distinto profesor da Universidade de Pensylvania Hugo Albert Rennert, grande hispanista, biógrafo i editor de Lope de Vega, dirixe a súa atención i experiencia crítica ao noso poeta Macías o Namorado. A súa coidada edición, enriquecida por un estudo introductorio e notas filolóxicas, foi pronto traducida ao castelán e reproducida en sendas edicións de 1902 e 1904 polo mozo escritor Xosé Carré Alvarelos. Cando comenza a emigración galega en Buenos Aires, en 1941, vóltase a reproducir a edición do Rennert na colección Dorna. A outro profesor american, (K. H.) Vanderford, débese un detido estudo histórico sobor Macías na lenda e na literatura publicado en *Modern Philology* en 1933. Os estudos en col dos nosos Cancioneiros medievales teñen un importante fito na publicación en 1941 da edición diplomática do Cancioneiro de Axuda polo profesor Henry Carter. Constitue esta edición ao mesmo tempo unha resposta ás arelas da ilustre editora crítica Carolina Michaëlis de Vasconcelos e unha superación evidente no que á autenticidade do texto se refire. Agás insignificantes defectos cáseque sempre tipográficos, pode afirmarse que o texto carterían refrexa exactamente a ortografía e disposición do manuscrito.

Do interés que a lírica dos Cancioneiros e das Cantigas alfonsinas, das que nos ocuparemos inmediatamente, teñen espertado nos EE. UU., da conta o estudo recentísimo —publicado no outono do pasado ano— da distinta colaboradora da Hispanic Society of America miss Jean R. Longland en col das traducións ao inglés da poesía medieval galaico-portuguesa. Na completa bibliografía, que anticipou fai uns dez anos na nosa revista *GRIAL*, destaquemos unha significativa tesis doctoral defendida por Mr. William Myron Davis en 1969 na Universidade de Nova Iork co tema *Neo-Trovadorismo en Galicia, Portugal e Brasil*. E isto lévanos naturalmente da man á laboura do profesor poeta Guerra da Cal, inspirador do traballo e iniciador nas súas aulas do utilísimo rexistro de miss Longland. Resulta por veces conmovedor o esforzo de cinco ou seis poetas para render en inglés con maior ou menor éxito a delicadeza lírica dunha cantiga de amigo. E unha vez máis salta á vista ese sentido amplo, integracionista e unitario con que se contemplan os grandes fitos da nosa cultura medieval nas verbas de miss Longland: "A atracción desta poesía para o lector moderno é debida ao feito de que a pesares da súa estilización formal e por veces de contido, esta lírica está moito máis perto da poesía do século vinte que as de outros séculos intermeios".

Os estudos alfonsinos en xeral áchanse moi dignamente representados na erudición norteamericá. Dende fai meio século que Solalinde fundou na Univerdida-

de de Madison, Wisconsin, o Seminario de Estudos medievais españois, e ben coñecida é de todos a tarefa editora e de investigación deste centro. A primeira mostra que temos deste interés é unha disertación doctoral sobre as fontes das Cantigas, defendida en 1926 por Elise Dexter.

No artigo da nosa antiga coñecida Isabel Pope, Sra. Kenneth Conant, en col das fontes latinas da lírica galega do século XIII de 1934, fanse constantes e obrigadas referencias á compilación alfonsina. Hoxe e dende fai vinte anos o profesor John Ester Keller, da Universidade de Kentucky, pode ser considerado como o estudoso máis prolífico das cantigas de Santa María, sobre todo da súa temática e proiección na literatura castelá. Keller foi ún dos discípulos mellores da escola de Stith Thompson, o autor do monumental *Índice de motivos da Literatura popular* en seis volumes e parte da súa investigación como a levada a cabo na súa tesis publicada en 1949 en col dos *Exemplos españois medievais* e as súas monografías sobre a representación da vida diaria nas Cantigas ou sobre a da estatua noiva, a 42, a da Virxen de Villa Sirga e o peregrino a Santiago, a 253, seguen o método comparativo moderno como guía. Ultimamente ca colaboración do profesor Linker o Boletín da Real Academia Española ten publicado un estudo i edición das traducións castelás das Cantigas.

O seu discípulo, profesor Albert Bagby, publicou tamén recentemente dous estudos completos sobre o Mouro e o Xudeu na compilación de Alfonso X. O profesor Bagby prepara unha bibliografía das *Cantigas* de evidente utilidade. E Keller un libro en col da *Narrativa breve en verso na España Medieval*, no que naturalmente ocupárase das Cantigas alfonsinas.

No que á métrica toca hai un nome indiscutible, o da profesora Dorothy Clarke, autoridade en versificación na península que antre outras moitas monografías publicou unha sobre a métrica das cantigas en 1955, na que comenza por afirmar rotundamente: "Todas formas do verso coñecidas en castelán antes da Edá de Ouro encóntranse nas Cantigas", referíndose tanto ao sistema de medí-los versos como aos seus patróns rítmicos e ás formas estróficas.

Rematemos esta escolma das actividades americás no campo da cultura medieval galega co nome do profesor Kelvin Parker, discípulo dese gran mestre catalán que no exilio dou gloria ás letras hispánicas, Joan Corominas; o profesor Parker, hoxe Xefe do Departamento de Linguas Extranxeiras da Universidade de Illinois, xa nos tiña ofrecido en 1958 un preciso *Vocabulario da Crónica Troyana* seguindo o método de Wartburg e Hallig. Fai poucos días o Instituto Padre Sarmiento ten dado ao prelo unha coitada edición da mesma crónica aínda que representada por outro manuscrito.

E agora permitídemme que volte unha ollada ás primeiras páxinas deste discurso onde vos prometín salientar o que de Galicia, nunha época que é cruxol da súa his-

toria, se dixo e se di nun dos países que marchan á cabeza da investigación no mundo. Señores Académicos, sí, Galicia é unha célula de universalidade. E así o din os demais!

Resposta do Excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo

de la legitimidad de sus ideas y de sus teorías, y de sus métodos de trabajo, y de sus resultados. En sus obras se puede encontrar una gran variedad de temas, y una gran variedad de enfoques. En sus obras se puede encontrar una gran variedad de temas, y una gran variedad de enfoques. En sus obras se puede encontrar una gran variedad de temas, y una gran variedad de enfoques.

En el artículo de esta revista, se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor. En el artículo de esta revista, se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor. En el artículo de esta revista, se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor.

El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras. El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras.

En este artículo se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor. En este artículo se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor, y se hace un estudio de la obra de este autor.

El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras. El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras.

El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras. El autor de este artículo, profesor Albert Riquelme, ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras, y ha publicado una gran variedad de obras.

Resposta do Excelentísimo señor don
Isidoro Millán González-Pardo

Isidoro Millán González-Pardo
Respuesta do Excelentísimo señor don

Señores Académicos:

Miñas donas e meus señores:

Deus diante, que é o Amo das Vidas, réstanlle aínda a Ramón Martínez-López, o noso novo Académico, cheo de brio, de pulo e de mocidade espritoal, moitos anos e moitos folgos denantes de pechar, coroándoo redondamente, o ciclo logrado dos seus días e dos seus traballos. Inda Deus lle abondará, a carón dos libros que ama e de moreas de fichas e de coartelas, ledas anadas de sementeiras e de colleitas. Soles irán e soles virán, e os raios bermellos dunha tardiña amante demoraránse, aquecéndolle as bardas do horto, nesa sazón gozosa do apañar dos froitos, máis celmosos por máis serodios, da colmada sabencia.

Pro, inda así, ¡e que Deul-o faga!, marca a solemnidade e o día de hoxe, no percorrido da vida de Ramón Martínez-López, un termo, un retorno, un cabo, o virárese e "o voltar da roda", nunha arribada odiseica, xa home feito —¡tantos mares sulcados, tantos camiños andados!— ao lonxano porto do que se partiu neno...

Embandeirado está o porto, como os teus da "banda do mar" nos días de festa, benquerido Ramón, e está leda a casa natal. Danza o fume enriba das tellas trenzando garimosas palabras de acollida no áer. E embaixo, dentro da casa, neste fogar simbólico da Real Academia Galega, chasca, avivecida, a lareira en que arde o lume sagro que nunca se apaga, do amor ao País. Os irmáns e os parentes máis vellos, embargados co pensamento de abrazar axiña ao que marchou tan novo, axunguido a eles por tantas lembranzas de feitos ou de loitas en común, gardan a casa, sofreado os pés e o corazón e os ollos pra a emoción do encontro, e veleiquí que son eu, cativo de mín, o despachado ao porto, como un paxe de enviada, pra que lle dea as primeiras albízaras, as novidades, ao que ven de volta e o acompañe á casa dos pais, polos sendeiros de entón.

I eu fago ledo o meu mandado e namentras que vou de camiño na súa procura, pídvos a todos que recuedes conmigo no tempo pra alembrar xuntos os días e feitos pasados do que volve ao lar.

O primeiro fito xeneracional na biografía de Ramón Martínez-López é o “*annus mirabilis*” de 1923. Nunca se gabará de abondo en Galicia o acordo, xeneroso e inspirado, de aqueles nove escolares —Bouza, Requejo, Pena, Filgueira, Tobío, Magariños, Romero, Vidán e Moncho Martínez-López— que, presididos por un mestre que nunca éles esquecerán, Cotarelo Valledor, fundaron no outono dese ano o Seminario de Estudos Galegos. “Cousas din —ou fan— os nenos que fan pensar aos vellos”. Como cáseque tódalas tarefas fecundas que se levaron a cabo na nosa Terra dimpóis do P. Sarmiento, tamén esta ocorrencia do Seminario traía unha raíz fondísima das famosas “empresas de Alethophilo” que, posto a soñar desperto, maxinara o monxe pontevedrés nos plegos do *Onomástico etimológico*. O *Onomástico* foi publicadado en Tui, no mesmo ano 1923, por quen tiña de ser afervoadado membro e impulsor do Seminario, o bispo Lago e González. Filgueira amostrou ben os fíos que van dos soños do P. Sarmiento aos estudos galegos do pequeno fato dos compañeiros de Martínez-López. Tres xeneracións conviviron, no seo do Seminario, axuntadas nunha arela común: a de soerguel-a cultura de Galicia e arrequental, con ouxetivos e métodos científicos e modernos, pro dende o seu íntimo cerne, dende a súa entraña autóctona i enxebre, dende a súa fala, encajada valentemente aos horizontes da millor erudición europea e universal. “Galicia, célula de universalidade...”. E alí estaba, a carón dos demais Conselleiros, non graves varóns mais mozos imberbes, empeñado no mesmo labor e xuramentado en idéntica xura, Ramón Martínez-López.

Estrenouse de disertante e investigador, rapaciño lanzal de dezaseis anos, cun traballo encol das *Fiestas del Municipio compostelano por la victoria de Túnez* (1539), que tería de ser publicadado anos dimpóis, no Boletín desta Academia. Na escolla do asunto e, quizáis, na disposición monográfica e na primeira sería orientación arquivística, déixase vel-a man e o consello de outro mestre calado, oculto e eficaz de aquela fornada nova, Pérez Constanti, quen, atal como os de Martínez-López, encamiñou tamén por dantre os legaxos do arquivo municipal os primeiros pasos de Fermín Bouza ou de Filgueira.

Na movida década dos vinte, o rapaz de Boiro, reciado en Santa Uxía de Ribeira e Compostela, cursa, cal o propio Bouza, Filgueira, Carballo Calero..., mozos en fin da súa ou das seguintes promocións, unha dobre Licenciatura: Filosofía e Dereito. Graduouse en Dereito en 1927 i en Filosofía en 1929. Membro do Seminario, colaborador en *Nós* ou, como dixen, no Boletín da Academia, inda non ben deixara as aulas da Facultade de Letras cando acadou da primeira arremetida, comprindo os vinte e tres anos, a cátedra de Lengua y Literatura Española do Instituto de Lugo.

En tres anos de ensino en Lugo, que acaen co bulidor desatoumento da vida política do país, enceta Martínez-López xeiras investigadoras no campo da literatura hispano-portuguesa que marcarán o máis firme roteiro da súa futura vocación estudosa e profesoral. Percorre Galicia de punta a cabo, cobizoso de enxergar paisaxes, de ollar lugares e monumentos que ilustran o noso pasado histórico e artístico, de escoitar falas e ditos, de remexer nos arquivos e bibliotecas, ou de se axuntar cos amigos concertados no mesmo propósito cultural e galego. Foi nunha desas viaxes —¿por qué non se han decir estas cousas humáns e que forman a vida, en semblanzas de homes que non descripcións de estatutas, i en ocasións biográficas como ésta?—, foi nunha desas viaxes, repito, cando Martínez-López albiscou e apañou, na ribeira arousán, aló onde “baila o Sol”, escontra de Cortegada, unha pérola de aquela ría, relocinte de donosura e beleza, coa que fundará un fogar de enxebre arrecendo i encanto, endexamáis esvaídos en tantos anos e atafegos de cosmopolita arredamento e apartación de Galicia.

Entre 1933-1936 ocupa Martínez-López a cátedra da súa disciplina no Instituto Español de Lisboa ao tempo que exerce a docencia, na Facultade lisboeta de Letras, de Literatura Comparada Hispano-Portuguesa. Duas monografías fundamentaes encol da presenza de Portugal en Tirso de Molina i en Lope de Vega refrexan, e dan fé, desta adicación. E o Doutorado en Filosofía e Letras, que outén en 1936 na Universidade de Madrid, amplía o estudo do sinificativo entretecemento das cousas lusas na inxente obra de Lope.

Os anos da nosa guerra desvíanno, como a tantos, do sosegado “cursus honorum” académico, no que él coidara pra se ir realizando na Patria, e vai figurar Ramón, con compañeiros e ilustres mestres seus —o principal guía e mentor, Américo Castro—, na España da emigración e do pranto. Agregado Cultural nas Embaixadas de Lisboa e París, Ramón Martínez-López está, como Lector incorporado á cátedra de Marcel Bataillon, na Universidade de Arxel, no ano 1937, o mesmo en que Bataillon lanza o corpudo volume inicial da súa tesis *Erasme et l'Espagne*. Días e anos tristentos, enchidos de lembranzas patéticas. Eu lle escoitei a Ramón, que é tan bó conversante, e que tería de aportar á bibliografía de Antonio Machado un acopio antolóxico de páxinas espalladas e perdidas, un testemuño presencial da doce agonía do poeta, en Collioure. Volto, cos ollos embazados, á patrona que lle arraxaba a roupa do probe leito de ferro ou lle enxoitaba o suor da cabeza, somentes se lle ouvía repetir manseliñamente: “Merci, Madame! Merci, Madame!...”

¡Congoxa de moitas mortes naquela morte, angurias do desterro, España da diáspora e do pranto!

En 1939, Martínez-López é nomeado bibliotecario da cidade de Pergamino, na Arxentina, e, de alí a pouco, membro investigador do equipo tan escolleito que, baixo

da dirección do esgrevio Amado Alonso, traballa no Instituto de Filoloxía da Universidade de Bós Aires. Alí, con fama xa conquerida ou que os anos acrecerán, están nomes tan sonados como os de Enríquez Ureña, Rosenblat, ou o de María Rosa Lida, futura muller do lingüista Malkiel, colega de Martínez-López na Universidade de Texas.

E xa, dende 1940, entrado nos Estados Unidos de América, é incorporado axiña ao Profesorado da Universidade de Texas, en Austin, no Departamento de Línguas e Literaturas Hispano-Portuguesas. I en Texas vai percorrer, apresada e brillantemente, sucesivos grados de compromiso e xerarquía no "status" docente, carreira que culmina ocupando por dúas veces o posto supremo de Chairman, xefe do Departamento filolóxico devandito, que é un dos máis afamados da súa especialidade nas Universidades de Norteamérica, e xubilándose da cátedra de Romance Languages coa máxima categoría, na organización académica dos Estados Unidos, de Professor Emeritus.

O currículo profesoral de Martínez-López deica a súa recente xubilación, no que non me vou delongar moito, contén repetidas estadas como Visiting Professor nas Universidades de New Mexico, de Puerto Rico en Piedras Albas —¡sempre ficará alí a memoria do noso chorado Sebastián González García-Paz!—, na Universidade de Denver ou no Middlebury College, nome éste que esperta, sen dúbida, relembrs gratos no ánimo de outro destacado individuo desta Academia.

Nun pasaxe do atraínte discurso que agora lle escoitamos, refíriuse Martínez-López, con non encoberto agarimo, ao "Wisconsin das nosas lembranzas", patria que foi do arquitecto e historiador do arte Kenneth John Conant. Ben me esprico esas boas lembranzas de Martínez-López, pois que na Universidade de Madison, en Wisconsin, estivo Ramón, no curso 1941-1942, en calidade de Profesor Visitante e de membro do Seminario de Estudos Medievales, o famoso Seminario no que Antonio García Solalinde, asegún tamén él nos dixo, emprendeu a xigante tarefa investigadora e editora das obras do noso Rei Sabio.

Mais Martínez-López nonos dixo ren do seu avencellamento erudito coa grande empresa, o grande "feito" alfonsí, concebido, guiado e alentado polo propio profesor Solalinde en Norteamérica. Eis polo que témol-a obriga, neste intre da súa recepción académica, aínda que debamos pasar máis de lixeiro por outros traballos seus de investigación literaria e histórica, de facer alto e parada nos que adicou á obra do noso Rei Sabio, que éles de por sí abundan pra que reverta de gozo e se sinta honrada a Real Academia Galega no acollemento que hoxe lle dá ao novo ilustre compañeiro.

E ben que me doe ter que prescindir, por mor desta concentración que me impoño, do comento de moitas outras publicacións tan interesantes de Ramón Martínez-López, dende a estupenda versión ao castelán do *San Pablo* de Teixeira de Pas-

coais, 1935, que prologóu don Miguel de Unamuno, deica unha das derradeiras notas que lín dél, en galego, a *Nova ollada aos Cancioneiros* (en *Grial*, 1971), que dá conta suxeridora dos modos da crítica formalista, suscitada pola mente xenial e proteica do lingüista Roman Jakobson, no análisis e apreciación da nosa poesía medieval. Ben que me doe ter que deixar a un lado as páxinas certas consagradas aos "dii maiores" da moderna literatura galega e lusa no abrangedor Diccionario da Universidade de Columbia da moderna literatura europea (New York, 1947), ou o lúcido panorama das letras españolas hodiernas na *Catholic Encyclopedia* (Ninth Section, Suppl. II, 1938), ou a lista ricaz das súas recensións bibliográficas, na que destaco, como verdadeiro modelo dunha aportación persoal —longa, densa e precisa— á obra criticada, as súas *Adiciones y rectificaciones al Diccionario Crítico-Etímológico de Corominas* (*Boletín de Filología*, Universidade de Chile, XI, 1959), ou o seu espléndido volume, xa esgotadísimo, *The Image of Spain* (Texas, 1961) que déu principio e norma aos que a súa Universidade, recoñecida ao mérito do de Martínez-López, acordóu engadir encol de Italia e Gran Bretaña, ou a súa edición e introducción dos *Unamuno Centennial Studies* (Universidade de Texas, 1966), ou o deliñamento penetrante e de primeira mán de don Ramón del Valle nos *Valle-Inclán Centennial Studies*, da mesma Universidade (1968), ou aqueloutro libro a que aludín enriba, *Prosas y Poesías olvidadas de Antonio Machado*, con Robert Marrast, que en 1964 lle publicóu en París o Centre National de la Recherche Scientifique, e que engadíu arredor das cen páxinas de críticas e poemas cáseque inéditos ao cinguido "corpus" machadián, ou a súa disertación en Chicago, en 1959, na xuntanza, anual xeral da Modern Languages Association, encol de *Stylistics, Literary Criticism and Linguistics...*

Agás desta revolta e sumaria citación nominal, véxome forzado a descartar calesquera outros comentarios encol déstes e de outros escritos do noso compañeiro e colega. Vós mo escusaredes, como que sacrifique unha digresión concernente a importantes tesis de doutoramento e de habilitación profesoral que dirixíu, e a notables discípulos que formóu, quenés son arestora, espallados por Colexios superiores e Universidades dos Estados Unidos, outros tantos focos irradiantes de coñecemento filolóxico e de simpatía intelectual á cultura hispana, no máis amplo senso do verbo, e á do noso recanto galaico-portugués, en particular.

Pro deixádeme enfiar un par de párrafos, que non son de escusar, encol das edicións e estudos alfonsís, como vos anunciéi, de Martínez-López.

¡Cánto me alegro de poder decir, co esta pubricidade solemne, que a transcripción da edición galega da *General Estoria*, de Ramón Martínez-López, é, no meu sentir, a par dos *Mirages de Santiago* de Xosé L. Pensado, a paleográficamente máis axeitada e a filolóxicamente máis rica e ponderada e fiel, de cantas edicións

se teñen feito de prosa galega medieval! Quero pólo de resalte, pois que a compaxinación da meirande plenitude filolóxica coa meirande simplicidade tipográfica, é un logro máis que difícil que campa no libro do profesor Martínez-López e que marra máis dunha vez en textos editados por famosos romanistas. Nonos poñamos xa a rifar cos nosos historiadores que, atentos ao seu fin, de ir contando o seu conto, non curan de ningunha tildé nin requilorio encol da forma en que nos ven contado, e, por se non carregar cun pouquiño de traballo, xamáis lle aforran aos lingüístas a dobrada angueira de rever e de fixa-los textos, se pretenden de aproveitálos pra estudar a evolución da fala.

Bó exemplo da perfección formal da edición de Martínez-López é a Norma IX da transcripción empregada. Mantendo, atal como no manuscrito, as xuntas ou separacións das verbas, convirte o libro nun instrumento único pra a pescuda dos bambaneos do ritmo acentual no galego do século XIV, transparentados nos grupos de enclisis e de proclisis. E, de por parte, a doutrina da posición dos pronomes, que é ún dos puntos máis sotís da gramática histórica e normativa do galego, atopa nesta edición unha mina cáseque única, segura e copiosa da información antiga, que non se beneficióu aínda como é debido.

¿Qué vos vou decir a vós, polo demáis, no que portén ao contido e importancia do texto dado a luz por Martínez-López, á beleza da súa fala ou do seu estilo?

Solalinde, o fundador da "escola alfonsí" de Wisconsin, primeiro editor do texto castelán da primeira parte da *General Estoria* do Rei Sabio, que se malogróu denantes de dar cima á edición, describira xa miudamente o ms. coa versión galega do Escorial (o O.I.1), que Martínez-López, nun tempo Profesor Visitante en Madison, veu dempóis a transcribir, arranxar, editar i estudar pulquérrimamente. O libro do noso compañeiro é unha publicación filolóxica de primeiro rango na xeral bibliografía alfonsí, con patentes de tal recoñecimento na erudición mundial, e, sen dúbida, unha das obras básicas imprentadas da prosa medieval galega.

Veleiquí todo un símbolo de verificación, na propia vida, do lema "Galicia, célula de universalidade", que nos recordaba no seu discurso. Ser nado en Galicia, profesor universitario nos Estados Unidos, traballar nunha escola de estudos medievaes xurdida en planícies de América que aveiran lagos e ríos con nomes indios, convivir con mestres e discípulos de toda xinea e nación, e, dende alí, arrequental-a cultura universal e da Terra do seu natío cunha vella versión no noso idioma da obra do Rei que louvóu á Virxe en galego, creóu a prosa castelá, e, arrodeado dunha grea de políglotas e sabidores, teimóu de trasvasar tódolos ditos e saberes e lendas e miragres nas falas dos seus Reinos.

Denantes de editar a versión galega da *General Estoria*, duas longas monografías de historia xurídica e lingüística, con curiosa trabazón coas *Partidas* do Rei Sabio e as

Leis de Indias, publicara en Austin Martínez-López, concernendo ámbalas dúas a un problema semellante: a posesión dos leitos das aveiradas e riadas e o concepto da costa mariña e dos aluviós no dereito civil (1954 e 1958). A súa preparación de xurista e a finura do filólogo axúnguense nestes traballos, verdadeiros ditames semánticos concordando textos de lexislación supletoria, que lle foron requeridos, e acatados pra ditar xustiza, en enleados pleitos dos Tribunaes civís de Texas.

Mais o traballo do profesor Martínez-López de extraordinario alcance xeral en relación á obra de Alfonso X o Sabio é, no meu entender, o que ten arestora, non digo xa no tear, senón na oficina de acabado e empacuetado —onde eu o vín—, e cáseque disposto pra ir ao prelo: estáo falando do estudo das fontes da *General Estoria* do Rei Sabio, que conterà unha aportación necesaria e decisiva á historia do influxo das literaturas estranxeiras nas primeiras épocas do romance castelán, e á do tratamento e teoría do préstamo e do calco lingüístico e dos cultismos e semicultismos léxicos, en xeral, nos orixes da prosa castelá. Moitos filólogos e académicos da Española —Lapesa, Dámaso Alonso, Alarcos—, aguilloan decote a Martínez-López pra que dea cabo e saída a este libro, e, pola nosa modestísima parte, non coido ser ousadía arrogarme eiquí a voz da Real Academia Galega pra nos adherir ás mesmas arelas e voces.

Un dos apartados que non debería ser botado en falta nun discurso de contestación académica é, xusta e precisamente, a referencia aos conceptos e problemas espostos na disertación do recipendario. Pro ¿qué podo decir eu que non se teña espellado craramente no atento interés co que o seguimos e no proveito que tiramos da súa información, tan novedosa e —nembargante a versión reducida que nos léu—, tan acugulada de datos, especies e suxerencias? Porque o certo é que, en canto que leve ao prelo a peza enteira con notas e apéndices, teremos diante de nós un capítulo amplo e insospeitado das complexas interaccións da Cultura universal, sendo Galicia ún dos focos e termos deste proceso e, do cabo de alá, o xigante país hexemónico que desempeña hoxe un protagonismo na escea mundial.

E compre que soliñemos, sen nos deter noutras ouservacións miudas, que unha tesis tácita sobranceia a esposición que o recipendario nos fixo: é bó, é nobre, é importante falar e, por de contado, obrar en galego, pro o é aínda máis que o que pensemos os creadores, eruditos e científicos, o que fagamos, o que digamos ou o que, en galego, berremos, peche sempre dentro de si contido e nivel capaces, ao se transfundir, de fecundar, xermolar e espigar nos campos máis arredados das culturas alleas. Eis a proba irrefutable da vitalidade espritoal dun pobo e a prenda da súa supervivencia.

E xa no intre de acabar, permitídeme que eu lle faga outra pequena traición á modestia de Ramón Martínez-López traíndo a colación diante de vós unha honra

altísima da que foi merecente e da que era eu sabedor, inda que nona airée, e pre-góe él nas tarxetas como, por raro caso, adoitan facelo, na democrática América, cantos foron ouxeto desta distinción de fonda estimanza. Polo conxunto da sua carreira e laboura investigadora e académica, Ramón Martínez-López é ún dos contados poseedores do Premio da Fundación Guggenheim, supremo galardón universitario e artístico nos Estados Unidos, que nos comprace e honra, como é lóxico, recoñecer e amosstrar hoxe no "cursus honorum" do noso ilustre compañeiro.

Din cabo, señores Académicos, ao meu discurso. Comprín co meu mandado.

Veleiqué tendes —¡percorridas tantas terras, tantos mares navegados!—, con máis anos enriba do corpo, pro sin desmaios nin acedumes no corazón, xoven a mente, abondadal-as mans de traballos, cunha chamiña decote acesa no peito do amor xurado a Galicia, ao voso irmán que se alonxou tan novo, Ramón Martínez-López.

Está no fogar voso e seu, tantas veces lembrado, cabo de vós. Sopra, fora, o vento do mar. Sempre está na agarda da alba e do bulir da faena o corazón mariñeiro...

*Dawin points, and another day
prepares for heat and silence. Out at sea the dawn wind
wrinkles and slides. I am here,
or there, or elsewhere. In my beginning.*

*(Apunta a alba, e aqieste día
acocha a calor e o silencio. Fora, no mar, vento levián
briza, fuxidizo, nas ondas. Eiqué me tendes,
como alí, como en todas partes. No meu comenzo...)*

Teño dito.

ÍNDICE

Presentación de Xosé Deira Triñanes, alcalde de Boiro	7
Presentación de Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da Real Academia Galega. .	11
Discurso do Ilustrísimo señor don Ramón Martínez López	15
Resposta do Excelentísimo señor don Isidoro Millán González-Pardo	33

... que a sua principal preocupação é a de que os seus alunos, ao lerem este livro, possam compreender a importância da leitura para a formação do cidadão brasileiro. Assim, o livro é dividido em duas partes: a primeira, que trata da leitura em geral, e a segunda, que trata da leitura em particular, ou seja, da leitura de livros.

... e a segunda parte do livro, que trata da leitura em particular, ou seja, da leitura de livros. Nesta parte, o autor aborda a importância da leitura para a formação do cidadão brasileiro, e a importância da leitura para a formação do indivíduo. Assim, o autor defende que a leitura é uma atividade essencial para a formação do indivíduo, e que a leitura de livros é uma atividade essencial para a formação do cidadão brasileiro.

... e a importância da leitura para a formação do indivíduo. Assim, o autor defende que a leitura é uma atividade essencial para a formação do indivíduo, e que a leitura de livros é uma atividade essencial para a formação do cidadão brasileiro.

... e a importância da leitura para a formação do indivíduo. Assim, o autor defende que a leitura é uma atividade essencial para a formação do indivíduo, e que a leitura de livros é uma atividade essencial para a formação do cidadão brasileiro.

Tabela 1

Item	Descrição
1	...
2	...
3	...
4	...
5	...
6	...
7	...
8	...
9	...
10	...

Este libro
CONTRIBUCIÓN NORTEAMERICÁS Á HISTORIA
DA CULTURA MEDIEVAL GALEGA
rematouse de imprimir
o 4 de abril de 2007, centenario do nacemento
de Ramón Martínez López.

Este livro
CONTRIBUIÇÕES PORTUGUESES À HISTÓRIA
DA CULTURA MEDIEVAL GALGA
em homenagem ao professor
Dr. João de Deus, fundador do Instituto
de Estudos Medievais da Universidade de Coimbra









ISBN 978-84-87987-68-7

